



### ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 26 de xuño de 2019**

1. Concédese licenza de obras maiores para demolición de cobertizos, demolición de escaleira exterior e axardinamento de parcela sita na rúa Pedreiras de Abaixo nº 32, Marín.
2. Adxudícase o contrato de obras “Renovación de servizos en rúa do Tombo” á empresa Construcciones Fечи, S.L., polo prezo de 120.763,47 euros e un prazo de execución de 2 meses, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
3. Dáse conta da concesión de subvención destinada á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais na provincia de Pontevedra, con destino á creación do “Parque Forestal de Lagocheiras”, da Deputación de Pontevedra, por importe de 21.915,00 euros.
4. Dáse conta das bases reguladoras de axudas destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, de Augas de Galicia.
5. Dáse conta da convocatoria do acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, do Instituto Galego de Vivenda e Solo.
6. Dáse conta da concesión de subvención para o apoio aos investimentos para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, con destino ó proxecto “Instalación de varandas de protección en vía de praias, tramo Mogor Agüete”, por importe de 24.385,65 euros, da Axencia Turismo de Galicia.
7. Dáse conta da concesión de subvención para a promoción da igualdade para o ano 2019, por importe de 41.374,45 euros con cargo ao Programa de apoio aos CIM, e de 8.000,00 euros con cargo ao Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres, da Secretaría Xeral da Igualdade.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Establécese en 90 euros por praza o prezo público do Campamento xuvenil de verán 2019 en réxime de oferta concertada Xunta de Galicia en Illa de Ons e Ribadeo.

A ALCALDESA EN FUNCÍONS,  
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000340A500B2J4F1P4A8B7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20190213157</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 08/07/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/07/2019 14:05:46	Fecha: 08/07/2019 Hora: 14:05